**TEMA 6. Elaboración dun documento interactivo de presentación do proxecto.**

Despois de pasar por todos os procesos para a creación dun proxecto, desde a súa pregunta inicial, coñecer os dispositivos que podemos empregar, a propia realización do proxecto, etc, chegamos ao momento case final. Dicimos case por que como ben sabedes despois desta formación, o traballo do proxecto en si mesmo remata coa avaliación, ben falemos de avaliación do mestre/a ao alumnado, auto avaliación do mestre ou do propio alumnado.

Este momento case final ao que nos referimos é a agardada presentación, agardada polo alumnado que realizou o proxecto, polo mestre/a que o realizou con eles, polas súas familias, resto de alumando etc.

Nesta fase de presentación podemos distinguir varios momentos: a presentación e exposición durante un tempo tanto no centro como noutros espazos dos traballos plásticos realizados durante a súa duración e o acto propiamente dito de presentación.

É deste último momento do que nos imos encargar nesta unidade, xa que imos realizar un documento interactivo que tanto servirá para un acto de presentación pública con nais, pais, compañeiros, resto do claustro, etc, como para compartilo posteriormente e que sirva como medio de difusión do proxecto.

Como xa sabedes a filosofía desta formación era a AEM, polo que tentamos realizar todas as partes do noso proxecto mediante dispositivos móbiles e aplicacións (apps) para eles.

Despois de probar e avaliar moitas das apps dispoñibles coas que poderiamos realizar presentacións imos realizala cunha das que proporciona Google.

Nesta caso é a chamada “Presentacións” (Google Slides en inglés). Esta a vosa disposición tanto na Playstore como en Itunes.




Como todas as  aplicacións coas que traballamos no tema anterior pódense empregar tanto en tabletas e teléfonos como en ordenador, pero aquí, debido a propia natureza da formación imos tratar de realizala integramente nos dispositivos móbiles.

E escollemos “Presentacións” por varias razóns:

- Uso moi doado. Tanto para alumnado como para o mestre/a
- Posibilidade de inserir fotos, vídeos e textos.
- Gran variedade de estilos pre deseñados.
- Capacidade para realizar o proxecto entre varios participantes.
- Posibilidade de continuar o traballo desde o ordenador.
- Gran facilidade para compartir a presentación final.

En gran medida “Presentacións” funciona dun xeito moi parecido ao coñecido Power Point que seguro todos empregamos algunha vez coa particularidade de que funciona dun xeito moi fluído en dispositivos móbiles, capacidade de inserción de vídeo e enlaces de Youtube e sobre todo todo poder convidar a outros usuarios e realizar o traballo en común.

Temos que lembrar que “Presentacións” traballa sobre a nosa conta de usuario de Google, que prácticamente todos temos xa que e case necesaria ao 100% para que o noso dispositivo Android traballe.

Isto quere dicir que se algunha vez realizamos unha presentación na súa versión de ordenador ao abrir “Presentacións” no móbil ou tableta aparecerannos esas presentacións.

Unha vez instalada a app no noso dispositivo móbil o primeiro que observaremos (se nunca realizamos unha no ordenador) será unha pantalla baleira que mediante un símbolo “+” convídanos a comezar o traballo.




Confederación Intersindical Galega ENSINO
as.pg ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

Unha vez que prememos no “ + “ a app aporta a opción de realizar unha presentación baseada nunha padrón creado por eles no que imos inserindo os nosos contidos ou creala desde cero.




Para comprender mellor o funcionamento e posibilidades deste software imos realizala desde cero, polo que ao premer no lapis comezaremos o traballo.

Imos tratar de que coñezades varias cousas básicas e ao finalizar este documento sexades capaces de realizar unha presentación, que se ben pode que precise un pouco máis de traballo para a súa exposición pública sirva como práctica fundamental para futuros traballos.

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO
as.pg Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Ao premer no lapis apareceranos unha nova pantalla que será a base para todo o noso traballo, xa que cada vez que engadamos unha nova diapositiva será esta pantalla a que nos apareza.



1. Ao premer voltamos a pantalla principal de “Presentacións”
2. Desfai a última cousa feita
3. Refai o último desfeito
4. Reproduce a presentación
5. Engade usuarios que poderán traballar xuntos nesta presentación
6. Inserta: textos, imaxes, enlaces, formas, debuxos, etc
7. Opcións da app como: cambiar o tema escollido, etc.
8. Espazo para escribir (pode variar a súa forma dependendo da diapositiva)
9. Índice de diapositivas que levamos feitas
10. Ao premer engadimos unha nova diapositiva.

Aínda que de aparencia simple este software é inmensamente potente, polo que é fisicamente imposible abordalo na súa totalidade nun só tema desta formación.

Pero isto non significa que sexa necesaria unha formación específica para poder empregalo xa que é case seguro que coas nocións que tedes de outros programas (procesadores de texto, programas de debuxo, etc) podedes empregalo.

O primeiro destes puntos que precisa da nosa atención específica é o número 5. Ao premer nesa icona accedemos ao apartado para permitir a outros usuarios traballar nesta presentación.



Como ben observades accedemos a unha nova pantalla onde engadimos as persoas que poden traballar con nos. Isto farémolo premendo en “persoas” e podemos engadir o seu correo electrónico ou ben acceder aos nosos contactos do teléfono directamente.

Unha das grandes vantaxes e que filtra as posibilidades de manipulación que lle outorgamos a cada un deles, podendo decidir si editan o material, poden comentalo ou tan so poden ver como vai avanzando o traballo.

Isto e moi útil se engadimos a varios alumnos membros dun dos grupos de traballo do proxecto, para que todos poidan ver o traballo pero tan só un deles, un coordinador, realizar os cambios que entre todos acordaron.

Na icona número 6 é onde esta o gran potencial deste software: o menú INSERIR. Se prememos nel accedemos a un menú onde podemos realizar unha gran cantidade de opcións que amosamos aquí:




Decatádevos de que a opción “ligazón” está desactivada. Tan só é por que precisa de “algo” ao que ligar a hiperligazón de destino. Se engadides unha imaxe ou un texto, tras seleccionalo xa poderedes engadirlle unha ligazón a ese elemento.

A víndeira salientable será a icona 8. É a indicada para engadir textos e fundamentalmente funciona coma un procesador de textos tipo Word ou OpenOffice.

Unha vez que prememos no cadrado para engadir texto aparecen todas estas opcións para elixir fonte, tipos de párrafo, formas para debuxar, etc.




O mesmo sucede se eliximos engadir formas ou debuxos. Hai unha infinidade para elixir o noso deseño.

Confederación Intersindical Galega ENSINO
as.pg ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

O derradeiro punto salientable é o número 10, onde se prememos engadimos unha nova diapositiva. Ao entrar nesta pantalla aparécenos unha variedade de opcións para continuar o noso traballo.




Estes son os fundamentos máis básicos para comezar a traballar con "Presentacións". Imos engadir dous puntos fundamentais:

- Engadir vídeos de Youtube
- Exportar a presentación en formato de Power Point

Engadir vídeos de Youtube é moi doado, bastaría con pegar a ligazón do propio vídeo nun cadro de texto no interior dunha diapositiva, pero queremos facelo un pouco máis visual polo que imos darlle unha volta.

O primeiro que temos que facer será escoller unha fotografía que teña relación co contido do vídeo. Unha opción pode ser realizar unha captura da portada do propio vídeo en Youtube.

Posteriormente inserimos esa imaxe dentro da presentación, e con ela seleccionada engadimos a ligazón de Youtube como se fora calquera ligazón.




Confederación Intersindical Galega ENSINO

Unha vez finalizada a nosa presentación temos a opción de presentala ou visualizala empregando directamente este programa, ben sexa na súa versión móbil ou na versión de ordenador.

Pero tamén podemos optar pola opción de exportala nun formato moi coñecido para todos nos: un arquivo de Power Point (pptx)

Para isto tan só temos que volver a pantalla principal, onde escollemos entre as presentacións que imos realizando e premer nos tres puntos que ten a nosa presentación ao carón do seu título.




Posteriormente despregarase un amplo menú con diversas opcións, onde case en último lugar temos: "gardar como Power Point"

Se prememos nela automaticamente xerará un arquivo "pptx" que podemos achegar a correos electrónicos, gardar nun pendrive, visualizar en dispositivos sen esta app instalada, etc.




Confederación Intersindical Galega ENSINO
as.pg ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

En resumo, podemos dicir que “Google Presentacións” é un programa con enormes posibilidades, posiblemente un dos máis funcionais que podemos instalar nos nosos dispositivos. Sería imposible entrar máis en profundidade nun só tema, precisamos unha formación exclusiva pero con estas nocións seguro que estades en condicións de realizar as vosas presentacións.